

'Non hai camiños para a Paz, a paz é o Camiño...' [Mahatma Gandhi]

FORO 2010

COMPOSTELA



XACOBEO
2010

Do 3 ao 30
Decembro

CONGRESO INTERNACIONAL

INFORMACIÓN E
DEREITOS HUMANOS



7-8/XII/2010

CUMIO INTERNACIONAL

DEREITO HUMANO
Á PAZ



9-10/XII/2010

FME WEF

FORO MUNDIAL DE EDUCACIÓN TEMÁTICO
'Educación, Investigación e Cultura de Paz'

10-13/XII/2010

CONGRESO INTERNACIONAL

MEMORIA,
RECONCILIACIÓN
E CULTURA DE PAZ



14-15/XII/2010

ACTIVIDADES
CULTURAIS...

3-30/XII/2010

NACIONES UNIDAS

ALIANZA DE CIVILIZACIONES
DECENIO CULTURA DE PAZ

4-6/XII/2010

> Que é o Foro 2010?

O Foro 2010 é un gran contedor de eventos e actividades a nivel mundial que xiran ao redor da Cultura da Paz

- No 2010 coinciden diversos acontecementos moi salientábeis. Entre eles a celebración do **Ano Xacobeo Compostelán**, cita e lugar de encontro para millóns de persoas, o final da **Década da Cultura da Paz e a Non Violencia para todos os nenos e nenas do mundo**, proclamada por Nacións Unidas (2001-2010), dez anos dende a existencia dos **Obxectivos do Milenio** e o **Programa de Acción para a Alianza de Civilizacións** finalizou tamén a súa primeira andaina. Asemade, cúmprense tamén 10 anos desde que o **Foro Social Mundial**, e con el o **Foro Mundial de Educación**, naceran en Porto Alegre.

O acto inaugural do Foro 2010 celebrarase en Santiago de Compostela o día 3 DE DECEMBRO

> Como participar?

- Coa asistencia aos diferentes eventos, para os que existen formularios de inscrición na web do foro. **O prazo de inscrición remata o 1 de novembro.**
- Coa participación activa no Foro Mundial de Educación, presentando actividades auto-xestionadas. **O prazo remata o 30 de xuño.**

www.foro2010.org

> En que consistirá?

Os eventos máis salientábeis do Foro serán, por orde cronolóxica:

XUNTANZAS DE ALTO NIVEL DE NACIONS UNIDAS

Diversas xuntanzas de membros do **Grupo de Alto Nivel das Nacións Unidas para a Alianza de Civilizacións**, que preside Jorge Sampaio, coa **Comisión de Premios Nobel da Paz** e cos **coordinadores do Decenio da Cultura da Paz e a Non Violencia (2001-2010) de Nacións Unidas**.

CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE INFORMACIÓN E DEREITOS HUMANOS

Xorde do I Encontro Mundial de Información para o Cambio Cidadán, organizado pola Fundación Ciencias da Documentación en 2008 na cidade da Paz (Bolivia), co que se pretende pór de manifesto a importancia do dereito e **acceso á información e o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC)** para a defensa e promoción dos Dereitos Humanos.

CUMIO INTERNACIONAL SOBRE O DEREITO HUMANO Á PAZ

O obxectivo é debater e aprobar entre os representantes da sociedade civil o **texto final dunha declaración universal do dereito humano á paz**, que será presentado ante Nacións Unidas (Consello de Derei-

tos Humanos), para invitar aos Estados Membros a iniciar a codificación oficial do dereito humano á paz.

FORO MUNDIAL DE EDUCACIÓN TEMÁTICO SOBRE "EDUCACIÓN, INVESTIGACIÓN E CULTURA DE PAZ"

O **Foro Mundial de Educación (FME)** é un movemento pola cidadanía planetaria e polo dereito universal á educación. Constitúese nun espazo de constante diálogo entre todos os que, no mundo globalizado, levan adiante proxectos de educación popular –formal ou informal– e de enfrontamento ao neoliberalismo, sexa en esferas públicas, gobernamentais ou non, colectivas ou de investigación. Está enmarcado no proceso do **Foro Social Mundial**. O FME de Compostela terá carácter temático, de xeito que as actividades auto-xestionadas ao seu redor xiraran en torno á educación, a investigación e a cultura de paz. **É a primeira vez que o FME chega a Europa**, coincidindo ademais co 10º aniversario do Foro Social Mundial.

CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE MEMORIA HISTÓRICA, RECONCILIACIÓN E CULTURA DE PAZ

Especialistas mundiais no estudo histórico e xurídico dos procesos de paz e reconciliación, así como as **vítimas**, analizarán en perspectiva as diferentes experiencias no referente á superación de conflitos bélicos e ditaduras así como ás políticas transicionais levadas a cabo desde os diferentes gobernos.

Dende novembro, e durante todo o mes de decembro, en diferentes espazos expositivos da cidade de Santiago, terán lugar actividades culturais coa Cultura da Paz como centro (pintura, fotoxornalismo, cinema, banda deseñada, literatura...).